

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Marzo 2007 COMUNICADO

En Marzo de 2007 mantívose a tendencia alcista no crecemento dos prezos de exportación (10,0%) fronte a contención dos prezos de importación (-1,6%).

O índice de prezos das exportacións creceu un 10,0% en marzo de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 10,0% en marzo de 2007 con respecto a marzo de 2006. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acadada tamén un 10,0%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 14,8%, os prezos dos bens de equipo creceron un 8,2% e os prezos dos bens intermedios creceron un 5,5%.

O índice de prezos das importacións decreceu un 1,6% en marzo de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia decreceron un 1,6% en marzo de 2007 con respecto a marzo de 2006. Corrixido de estacionalidade os prezos das importacións decreceron así mesmo un 1,6%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo e dos bens de equipo creceron un 0,6% e un 3,3% respectivamente; pola contra os prezos dos bens intermedios presentan unha taxa de crecemento negativa.


Índices de valor unitario. Marzo 2007. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	109,9	10,0%	9,6%
Importacións/introduccións	103,5	-1,6%	-2,6%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Exportacións/expedicións	110,5	10,0%	9,6%
Importacións/introduccións	105,4	-1,6%	-2,6%

FOHTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



FOINTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>